

- **TITULACIÓN** : para obter o título de graduado en ESO cómpre ter superados os módulos 4 de todos os ámbitos da educación secundaria para persoas adultas.
Excepcionalmente, alumnado que, ao finalizar o nivel II, sexa avaliado negativamente nun dos ámbitos de coñecemento ou nas ensinanzas da oferta curricular propia de cada centro.
- Con 18 anos, tamén podes presentarte ás probas libres para conseguir o título.
- Para máis información, en Lugo; EPA Albeiros (tfno.: 982 216 033)

4.- FORMACIÓN PARA O EMPREGO(Formación Ocupacional)

Dependencia: Administración Laboral (Consellería de Traballo).

Para recibir esta formación compre inscribirse na oficina de emprego correspondente como **demandante de formación e emprego** do **Servicio Público de Emprego** (En Lugo: R/ Río Cabe 8-10, tfno.: 982 28 44 04).

As principais alternativas de formación son:

- Os cursos do **plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP)**. Prográmanse anualmente. Son gratuítos.
Necesítase cumprir os requisitos mínimos esixidos para o acceso á **proba de selección** (Segundo o curso ao que se pretenda acceder). Para ser seleccionado é necesario superar a proba de selección e estar entre os 15 primeiros. Finalidade facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas.
- As **Escolas Obradoiro** son programas públicos de emprego-formación destinados a xoves desempregados, preferentemente **menores de 25 anos**. A maioría duran **18 meses**. Os 6 primeiros son case todo de **formación profesional de carácter ocupacional** e os restantes alternan formación e emprego mediante “contratos de formación”.


5.- FORMACIÓN NON REGRADA

- **En academias:** cursos diversos (informática, idiomas, tecnoloxías información e da comunicación –TICs, internet, páxinas Web, teletraballo- relacións públicas...). Tamén preparación das probas libres de graduado en ESO, de acceso a ciclos de F.P., de oposicións para a Administración, Concellos, Forzas Armadas, etc. Modalidades presencial, a distancia...
- Auxiliar de perruquería, canteiro, auxiliar de veterinaria, profesor/a de autoescola....

6.- Acceso e incorporación ao **MUNDO LABORAL** (sen cualificación)

E DESPOIS DA ESO... OUE FACER?

SE NON ACADAS O GRADUADO EN E.S.O.



Cando se sinala con * o acceso é unha vez superada unha proba